Santiago, 29 de abril de 2020

Concello de Cangas
Comunicación

A nova Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), que integra o traballo do Centro de Transfusión de Galicia, subministra compoñentes sanguíneos a todos os hospitais de Galicia. Cada día, as doazóns de sangue recollidas nos locais de doazón e nas 10 unidades móbiles que percorren os concellos galegos envíanse ás dependencias de ADOS para o seu procesamento, análise e conservación. Establécese con cada hospital unhas reservas de seguridade de cada grupo sanguíneo e, diariamente, envíanse os compoñentes sanguíneos que precisan para a súa actividade asistencial programada e facer fronte ás urxencias.

Unha destas unidades móbiles desprazarase ata **Cangas**, polo que solicitamos o permiso de aparcamento e a colaboración do seu Concello.

UNIDADE MÓBIL NA ALAMEDA

**Martes, 5 e mércores, 6 de maio 10:00 a 14:30 e 16:00 a 21:00 horas**

Precisamos que se marque unha zona de aparcamento de 15 metros no lugar indicado, e pregamos confirmación do permiso por fax ou mail (promocion.ados@sergas.es) indicando o nome da persoa a contactar ao chegar a unidade móbil.

Agradecemos a súa constante colaboración, vital para tratar de acadar as 500 doazóns de sangue que precisamos cada día para axudar a centos de enfermos.

Julio Flores Pérez
UF Promoción Doazón de Sangue
http://ados.sergas.es




axencia de doazón de órganos e sangue
Rúa Xoaquín Díaz de Rábago, 2-6 | CP 15705 | Santiago de Compostela
Correo-e: promocion.ados@sergas.es | Teléfono: (0034) 881 546 900 / 900 100 828